

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PLAN EXPERIMENTAL PARA A XESTIÓN DO POLBO (*Octopus vulgaris*) PARA A CAMPAÑA 2026/27

ANTECEDENTES

En Galicia o ciclo vital do polbo é de aproximadamente dous anos. O principal período reprodutivo acontece en primavera, e como consecuencia disto a época de recrutamento (individuos de ata 300 g de peso) é na primavera-verán do ano seguinte. A frota que traballa con nasa para polbo explota basicamente unha única cohorte anual.

Desde o ano 1992 na pesqueira do polbo en Galicia utilizouse, na maioría dos anos, a veda nos meses de maio e xuño, como unha medida técnica para protexer a reprodución da especie e contribuír a que a explotación fora mais sustentable. Polo tanto, co fin de axustar a xestión pesqueira ao ciclo de vida da especie, considerárase razoable que cada campaña de pesca comece despois da veda e remate no inicio do período de veda seguinte.

Aínda que os estudos científicos recentes indican que a abundancia desta especie depende en gran medida das condicións ambientais que actúan sobre o recrutamento, o resultado económico das campañas pesqueiras pode ser mellorado se se deseñan plans de explotación con medidas técnicas axeitadas que ordenen a actividade da frota.

Para evitar que a caída da produción de polbo continúe nos próximos anos, é preciso incluír no plan para a xestión do polbo novas medidas técnicas que eviten, tanto a sobrepesca da especie, como a saturación dos mercados nos inicios de campaña, mellorando a rendibilidade da actividade pesqueira.

Na xuntanza da comisión de seguimento do plan para a xestión do polbo, apórtanse as suxestións correspondentes para a elaboración do presente plan.

O plan experimental para a xestión do polbo de 2025/26, co fin de establecer medidas adicionais para a recuperación desta especie, contemplou unha ampliación da inactividade extractiva mediante a planificación conxunta dunha parada temporal da actividade durante o mes de abril, e unha veda biolóxica durante os meses de maio e xuño. En ambos casos, tanto a parada temporal como a veda trataban de axustar a xestión da actividade pesqueira ao ciclo de vida do polbo, mantendo a protección das femias reprodutoras e a sostibilidade do ciclo de posta, así como a protección dos exemplares xuvenís de tamaño inferior á talla mínima de captura, co fin de conseguir un aumento das capturas nos meses posteriores ao peche da pesqueira e unha recuperación significativa da especie nas dúas campañas seguintes.



A través destas medidas adicionais, e coa colaboración do sector para a correcta aplicación deste plan, pretendeuse actualizar e axustar os aspectos concretos da regulamentación da pesqueira do polbo, cara a consecución dun mellor aproveitamento do recurso e o máximo benestar social.

Por último, o plan experimental para a xestión do polbo de 2026/27, susténtase na necesidade de continuar co estudo e resultados das medidas aplicadas no plan 2025/26.

Fundamentos técnicos e xurídicos

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establece no artigo 6 que «a *política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia terá como obxectivos en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros, os de: 1. O establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación, a xestión e a explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos. A adopción de medidas restritivas orientadas á recuperación dos recursos farase de maneira gradual, procurando minimizar os posibles desequilibrios socioeconómicos que puideran derivarse da súa adopción*».

A arte da nasa de polbo vén regulada no capítulo IV, sección primeira, subsección cuarta, nos artigos 138, 139, 140 e 141 do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. Por outra banda, o citado decreto regula a liña ou cordel, na súa variante a rañeira, no seu artigo 17, e o bicheiro no artigo 156.

do citado decreto, e o bicheiro

En concreto, o artigo 141.2 establece que «a través dos plans de xestión aprobados pola consellaría competente en materia de marisqueo estableceranse os períodos, zonas e condicións para o calamento de nasas pechadas».

Polo anterior,

RESOLVO:

Autorizar o plan para a xestión do polbo (*Octopus vulgaris*) con nasa, liña cordel na súa variante a rañeira, e o bicheiro baixo os seguintes termos e condicións:

1. Ámbito de aplicación

Augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para todas as embarcacións con artes menores que teñan as modalidades de nasa para polbo e liña cordel, na súa variante a rañeira e o bicheiro, no seu permiso de explotación e con porto base nesta Comunidade, así como



para aquelas que tendo porto base noutras Comunidades Autónomas teñan permisos especiais de pesca para faenar en ditas augas.

2. Vixencia do plan

A época de vixencia do presente plan abranguerá desde o 1 de maio de 2026 ata a data de inicio da veda do ano 2027, que se fixará polo correspondente plan que se publicará antes da seguinte veda.

3. Período de veda biolóxica

O plan experimental de xestión do polbo para a campaña 2026/27 contempla unha veda biolóxica durante o mes de maio e o mes de xuño.

O período de veda biolóxica para o ano 2026 queda establecido entre as 23.59 horas do 1 de maio ata as 05.00 horas do 01 de xullo de 2026.

Polo tanto, durante a **veda biolóxica** queda expresamente prohibida a captura, tenza a bordo, transbordo, desembarco, almacenamento, venda ou comercialización do polbo, por medio de calquera arte, en augas de competencia en marisqueo da Comunidade Autónoma de Galicia. As embarcacións dedicadas á captura de polbo con nasas deberán retirar estas do seu calado e levalas a porto. Así mesmo, durante o período de veda biolóxica será aplicable á pesca marítima de recreo e ás capturas acadadas con calquera outra arte distinta da nasa para polbo.

4. Especies

A especie de captura obxecto deste plan será o polbo (*Octopus vulgaris*). As demais especies acompañantes terán que cumprir cos tamaños mínimos esixidos, non estar en veda e cumprir coas disposicións legais que lle sexan de aplicación.

O peso das especies acompañantes non poderá superar o 10% do peso das capturas totais de polbo autorizadas para cada embarcación e día. Desta limitación quedan excluídos os peixes e o patexo.

Todas aquelas artes e aparellos de pesca, distintas das reguladas neste plan, poderán acollerse a unha das seguintes opcións:

- a) Realizar capturas accesorias de polbo ata un 20% do total das capturas obtidas diariamente, ou,
- b) Realizar capturas accesorias nunha cantidade máxima de 35 kg por embarcación e día entre o 1 de xullo e o 31 de agosto, e de 55 Kg, por embarcación e día, entre o 1 de setembro e o 5 de xaneiro.



5. Peso mínimo de captura

1 kg/peza, independentemente de que sexa enteiro ou eviscerado a bordo. Admitirase unha marxe de tolerancia de 50 gramos de perda de peso, despois de realizada e rexistrada a pesada no momento do desembarque.

6. Número de nasas

O número máximo de nasas para polbo permitido estará en función do tamaño da embarcación (tipificado segundo o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro) e do número de tripulantes enrolados e a bordo.

Polo tanto, para as seguintes zonas, o número de nasas queda establecido do seguinte xeito:

► **Zona A (litoral atlántico oeste):** Desde A Guarda ata a Pedra do Sal (Caión):

- a) Embarcacións tipo I e II: máximo de 200 nasas por tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 300 nasas por embarcación.
- b) Embarcacións tipo III, IV, V, VI e VII: máximo de 200 nasas por tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 600 nasas por embarcación.

Non obstante, aquelas embarcacións do tipo VI e VII que cotizan no 2º grupo B, de máis de 10 TRB, poderán ter un máximo de 800 nasas.

► **Zona B (litoral atlántico norte):** Desde a Pedra do Sal ata a illa de San Vicente:

- a) Embarcacións tipo I e II: máximo de 200 nasas por tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 300 nasas por embarcación.
- b) Embarcacións tipo III, IV, V, VI e VII: máximo de 200 nasas por tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 550 nasas por embarcación.

Non obstante, aquelas embarcacións do tipo VI e VII que cotizan no 2º grupo B, de máis de 10 TRB, poderán ter un máximo de 650 nasas.

No suposto de que o largado dunha cacea se solape entre as zonas A e B o número máximo de nasas se corresponderá coas indicadas para aquela zona onde o número autorizado sexa o menor. Neste caso correspóndese coa Zona B e deberán facer o despacho a: [«PLAN XESTIÓN POLBO-NASA 2025-2026 (Zona III PEDRA DO SAL)»].



► **Zona C (litoral cantábrico):** Desde a illa de San Vicente ata o río Eo:

- a) Embarcacións tipo I e II: máximo de 175 nasas.
- b) Embarcacións tipo III, IV, V, VI e VII: máximo de 250 nasas por embarcación máis 50 nasas por tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de 550 nasas.

En todo momento deberán respectarse as condicións establecidas nos **certificados de seguridade** emitidos polas Capitanías Marítimas.

7. Cotas máximas diarias de captura e desembarco

Desde o 1 de xullo ata o 31 de agosto de 2026 a cota máxima será de **35 kg** por barco e día, ao cal se lle engadirán **35 kg/día** por cada tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de **240 kg/día**.

No que resta de campaña, a cota máxima será de **55 kg** por embarcación e día, ao cal se lle engadirán **55 kg/día** por cada tripulante enrolado e a bordo, ata un máximo de **380 kg/día**.

En función da evolución da campaña e debido a circunstancias que o xustifiquen, as cotas máximas diarias de captura e desembarco poderán ser substituídas por topes semanais, durante o tempo no que permanezan viventes as circunstancias que motivaron o dito cambio de topes diarios a topes semanais.

8. Horario de traballo

A actividade iniciarase ás 6.00 horas e finalizará ás 16.00 horas. Non obstante, permitirase a saída do porto a partires das 5.00 horas.

Enténdese por inicio e fin da actividade o largado e o virado das nasas.

Fóra dos horarios establecidos non se poderá realizar no mar ningún tipo de actividade coas nasas para polbo.

Cando se produza un cambio de despacho para outra arte deberanse retirar a totalidade das nasas e depositalas en terra. De igual xeito, cando se despache para outra zona, deberá terse en conta o establecido no apartado 6 (número de nasas) desta Resolución. En ambos os dous casos, a requirimento dos funcionarios do Servizo de Gardacostas, indicarán o seu emprazamento e permitirán a súa inspección.





9. Réxime de calamento das nasas

A captura do polbo con nasa pechada, coas dimensións previstas para a nasa de nécora, farase por fóra das rías, segundo as liñas definidas como anexo I no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro. Ademais poderán utilizarse por fóra das liñas de referencia sinaladas como anexo V no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro de acordo ao establecido no presente artigo.

- a) Do punto de coordenadas 41° 52' 00,85" N e 008° 52' 21,30" W (Punta dos Picos)¹ ao Con da Aguieira: entre o anexo V e o anexo I, as nasas **terán que levantarse do seu calamento e levarse a porto todos os días.** Por fóra das liñas definidas no anexo I, e en fondos inferiores aos 20 metros (segundo a sonda establecida nas cartas do Instituto Hidrográfico da Mariña) e para a totalidade da cacea, as nasas **deberán levantarse do seu calamento e levarse a porto todos os días.** E por fóra das liñas definidas no anexo I, e en fondos superiores aos 20 metros (segundo a sonda establecida nas cartas do Instituto Hidrográfico da Mariña) e para a totalidade da cacea, as nasas poderán **permanecer** no seu calamento sen seren levadas a porto incluso durante o período de descanso semanal. Na cara oeste da Illa de Ons, desde O Con da Serriña ata o Illote do Centulo, as nasas poderán permanecer no seu caladoiro sen seren levadas a porto e sen limitación de profundidade.
- b) Do Con da Aguieira a Cabo Corrubedo: entre o anexo V e o anexo I, as nasas **terán que levantarse do seu calamento e levarse a porto todos os días.** No período comprendido entre o 1 de outubro e o inicio da veda do ano seguinte, as nasas poderán **permanecer** no seu calamento sen seren levadas a porto todos os días, incluso durante o período do descanso semanal.
- c) No resto do litoral galego: as nasas poderán **permanecer** no seu calamento sen seren levadas a porto, incluso durante o período de descanso semanal. No período comprendido entre o 1 de outubro e o inicio do período de veda anual as nasas poderán utilizarse por fóra das liñas de referencia sinaladas coma anexo V.

Lémbrese o disposto no parágrafo segundo do apartado 6 da Resolución do 20 de xuño de 2025, pola que se aproba o plan experimental para a xestión da nécora e do camarón coa arte de nasa nécora e camarón 2025-2027, que prohíbe a captura do polbo por dentro das liñas de referencia do Anexo III, establecidas no devandito Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, con calquera arte incluída a pesca recreativa.

¹ Vid. Artigo 1 do Tratado entre el Reino de España y la República Portuguesa por el que se establece la línea de cierre de las desembocaduras de los ríos Miño y Guadiana y se delimitan los tramos internacionales de ambos ríos, hecho en Vila Real el 30 de mayo de 2017; e Tratado de Límites de Lisboa de 1864 y sus Anexos en relación con el deslinde y la regulación de los usos y aprovechamientos en el espacio fronterizo definido por el curso del río Miño.



Autorízase o transporte polos anexos III e V con exemplares de polbo capturados de forma regulamentaria.

Antes de que a embarcación despache para unha nova modalidade de pesca, deberá levantar e levar a terra todas as nasas segundo as condicións establecidas no punto 8.

A consellería competente na materia poderá autorizar o mantemento das artes ou aparellos calados fóra do horario de traballo establecido e/ou do descanso obrigatorio semanal, naqueles casos en que as condicións meteorolóxicas sexan desfavorables, ou por acontecemento sobrevido por causa de forza maior debidamente xustificada, tras a comunicación por parte do armador/a ou patrón/a ao Servizo de Gardacostas ao correo electrónico: pesca.sala.operacións@xunta.gal. Este explicará os motivos e indicará o número de pezas ou caceas, así como a situación destas, expresadas en latitude e lonxitude ou, de ser o caso, indicará da maneira mais exacta posible a situación xeográfica da zona onde se atopen.

10. Balizamento

Os extremos ou cabeceiras de cada unha das caceas que se manteñan caladas deberán ser balizadas e identificarse axeitadamente segundo o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, indicando de forma clara e visible a matrícula e o folio da embarcación, así como a letra «N».

11. Puntos de descarga, control e venda

Soamente poderase descargar polbo nos portos autorizados para iso pola Consellería do Mar, que figuran relacionados no anexo.

En cada un dos portos autorizados establecerase un punto principal de descarga do polbo para facilitar as labores de control das capturas. Estes puntos de descarga estarán o máis próximos posible á lonxa de comercialización do polbo.

Naqueles puntos de descarga nos que se considere necesario, por causa das condicións meteorolóxicas adversas, poderase establecer un punto de descarga secundario. En ningún caso se poderán simultanear ambos puntos.

Queda prohibida a descarga de polbo fóra dos portos autorizados e, nestes, fóra dos puntos de descarga fixados ou en horarios distintos aos establecidos.

Naqueles portos autorizados onde exista lonxa, unha vez feita a descarga do polbo nos puntos autorizados para iso, deberá trasladarse obrigatoriamente a esta sen que se poida levar ou manter noutro tipo de instalacións con anterioridade a súa poxa, incluídas as vendedurías e os vehículos. De non efectuarse a primeira venda nesa lonxa e se transporte cara a outra o produto



deberá ir acompañado do correspondente documento de transporte ata que se efectúe a súa primeira venda.

Naqueles portos autorizados nos que non exista lonxa, deberá cumprimentarse o documento de transporte con destino a unha lonxa ou centro autorizado de primeira venda.

12. Programa de seguimento e control

A Subdirección Xeral de Gardacostas coordinará as labores de control específicas deste plan ede xestión experimental en colaboración cos gardapescas das confrarías.

1. A Consellería do Mar, en colaboración coas federacións de confrarías de pescadores reforzará os servizos de control en terra.
2. No mar, as labores de control serán desenvolvidas cos seus propios medios polo Servizo de Gardacostas en colaboración cos gardapescas das confrarías que dispoñan de medios marítimos.
3. Para o control das descargas en terra contarase con persoal de gardacostas, gardapescas das confrarías, gardapeiraos de Portos de Galicia e persoal propio das autoridades portuarias.
4. O Servizo de Gardacostas, dentro do programa de control deste plan de xestión tamén desenvolverá actuacións nas instalacións frigoríficas, de transformación ou comercialización onde se almacene, transforme e comercialice polbo.
5. O Servizo de Gardacostas, antes do final da veda elaborará un programa de control.
6. O Servizo de Gardacostas nomeará un coordinador do plan para a xestión do polbo con nasa.

Este programa de seguimento e control entrará en vigor ao remate da veda deste ano.

13. Despachos telemáticos

As embarcacións que opten por desenvolver a actividade entre A Guarda e Pedra do Sal, Zona A, deberán rexistrar a actividade no punto de adhesión ao plan de explotación: [«PLAN XESTIÓN POLBO-NASA 2026-2027 (Zona I A GUARDA-PEDRA DO SAL)»].

As embarcacións que opten por desenvolver a actividade pesqueira entre Pedra do Sal e Illa de San Vicente, Zona B, deberán rexistrar dita actividade no punto de adhesión ao plan de explotación: [«PLAN XESTIÓN POLBO-NASA 2026-2027 (Zona II PEDRA DO SAL-ILLA SAN VICENTE)»].



As embarcacións que opten por desenvolver a actividade pesqueira na intersección entre as Zonas A e B, deberán rexistrar dita actividade no punto de adhesión ao plan de explotación: [«PLAN XESTIÓN POLBO-NASA 2026-2027 (Zona III PEDRA DO SAL)»].

As embarcacións que opten por desenvolver a actividade pesqueira entre a Illa de San Vicente e o Río Eo, Zona C, deberán rexistrar dita actividade no punto de adhesión ao plan de explotación: [«PLAN XESTIÓN POLBO-NASA 2026-2027 (Zona IV ILLA SAN VICENTE-RIO EO)»].

En todo caso:

- a) Os despachos coa nasa para polbo serán específicos para cada zona.
- b) Na mesma semana non poderá despachar a nasa polbo a dúas zonas distintas das incluídas neste plan. Só no caso dos que despachen a Zona III PEDRA DO SAL que poderán facelo a Zona I A GUARDA-PEDRA DO SAL ou a Zona II PEDRA DO SAL-ILLA SAN VICENTE excluíntes entre si.
- c) No caso de que as condicións meteorolóxicas impidan manter a actividade na zona solicitada ao longo de toda a semana, previa comunicación por parte da confraría cunha antelación mínima de 18 horas, permitirase o cambio de despacho. Neste caso, para que as nasas poidan permanecer caladas a fin de semana nas zonas autorizadas para iso será necesario que a embarcación estivese despachada para esa zona polo menos 3 días desa semana.
- d) Cando se produza o cambio de zona, deberanse retirar a totalidade das nasas para o novo emprazamento, debendo respectarse as condicións establecidas para a nova zona, incluído o número de nasas.
- e) Autorizarase a realización de traballos de laboreo, consistente no traslado a bordo das embarcacións das nasas desde o lugar de almacenamento, os tres días naturais anteriores ao inicio da campaña e os tres días naturais posteriores ao peche da mesma. En ningún caso poderán abandonar o porto unha vez depositadas as nasas nas embarcacións.

14. Mostraxes

Durante o período de vixencia do presente plan de xestión, os técnicos da Consellería do Mar poderán realizar en calquera das embarcacións participantes, mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan. Neste sentido, os armadores deben colaborar de tal xeito que se permitan acadar os obxectivos propostos. A falta de colaboración neste eido ocasionará a baixa definitiva do plan.



15. Comisión de seguimento

Créase unha comisión de seguimento do plan experimental para a xestión do polbo que se reunirá cunha periodicidade mínima trimestral e estará composto polo:

1. Subdirector/a xeral de Pesca, que será o seu presidente/a.
2. Subdirector/a xeral de Gardacostas.
3. Xefe/a do Servizo de Pesca, que será o seu secretario.
4. Presidente/a da Federación Galega de Confrarías ou persoa en quen delegue.
5. Presidente/a da Federación de Confrarías de Pescadores de A Coruña ou persoa en quen delegue.
6. Presidente/a da Federación de Confrarías de Pescadores de Lugo ou persoa en quen delegue.
7. Presidente/a da Federación de Confrarías de Pescadores de Pontevedra ou persoa en quen delegue.
8. Coordinador/a do Plan para a xestión do polbo con nasa.

Nas reunións que se celebren, cada un dos seus membros poderán propoñer ata un máximo de dúas persoas para asistir a estas, con voz pero sen voto.

Entre as súas funcións, a comisión poderá propoñer cambios temporais deste plan experimental de xestión cando se produzan situacións excepcionais.

16. Extracción e comercialización

O exercicio da actividade extractiva e comercial establecida neste plan está sometida ao estrito cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca.

17. Infraccións e sancións

O incumprimento das condicións establecidas neste plan poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.



Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A conselleira do Mar

P.D. Orde do 21-02-2022 (DOG n.º 41, 01-03-2022)

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Isaac Miguel Rosón Sánchez-Brunete



**ANEXO
PORTOS AUTORIZADOS**
PROVINCIA DE LUGO

PORTO DE DESCARGA		PORTO SECUNDARIO
Ribadeo:	Lonxa en porto pesqueiro	
Foz:	Lonxa en porto pesqueiro	Porto Chico
Burela:	Lonxa en porto pesqueiro	
San Cibrao:	Portos pesqueiros de San Cibrao e Morás	
Celeiro:	Lonxa en porto pesqueiro	
O Vicedo:	Porto pesqueiro	

PROVINCIA DA CORUÑA

PORTO DE DESCARGA		PORTO SECUNDARIO
O Barqueiro:	Peirao do porto	
Espasante:	Peirao próximo á lonxa	
Cariño:	Peirao próximo á lonxa	
Cedeira:	Peirao novo	
Ferrol:	Pantalán da dársena de Curuxeiras	
Barallobre:	Peirao próximo á lonxa	
Mugardos:	Peirao próximo á lonxa	
Ares:	Zona nave multiusos	
Pontedeume:	Peirao próximo á lonxa	
Sada:	Pantalán artes varias	
Lorbé:	Peirao do porto	
Mera:	Peirao Linares Rivas porto A Coruña	
A Coruña:	Peirao próximo á lonxa	
Caión:	Peirao da grúa	
Malpica:	Escaleiras da lonxa	Pantalán dársena interior e porto de Barizo
Corme:	Peirao do porto	
Laxe:	Rampla da lonxa	Zona de descarga do peirao novo
Camelle:	Peirao de Camelle	
Camariñas:	Peirao do porto	
Muxía:	Rampla do porto	
Fisterra:	Peirao do porto de Fisterra	
Corcubión:	Peirao do porto	
O Pindo:	Peirao do porto	
Lira:	Porto de Lira	Rampla nova



	PORTO DE DESCARGA	PORTO SECUNDARIO
Muros:	Rampla peirao sur (Praia do Castelo); Peirao sur Fronte á lonxa; e Rampla peirao sur lonxa.	
Noia:	Peiraos do Testal e O Freixo	
Portosín:	Peirao próximo á lonxa	
Porto do Son:	Rampla da lonxa	
Corrubedo:	Porto de Corrubedo	
Aguiño:	Peirao de Aguiño	Porto de Ribeira
Ribeira:	Peirao próximo á lonxa	
A Pobra do Caramiñal:	Peirao próximo á lonxa	
Cabo de Cruz:	Peirao próximo á lonxa	
Rianxo:	Porto de Rianxo	

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

	PORTO DE DESCARGA	PORTO SECUNDARIO
Cambados:	Lonxa de Tragove	
O Grove:	Portos de Pedras Negras, Meloxo e O Grove	
Portonovo:	Inmediacións lonxa, rampla E 1ª escaleira do peirao	
Sanxenxo	Peirao pesqueiro de Sansenxo ²	
Raxó:	Peirao de Combarro Porto de Raxó	
Pontevedra:	Lonxa de Campelo	
Lourizán:	Dársena embarcacións menores Lourizán	
Marín:	Rampla dársena de baixura tinglado xeral empaque número 24	Lonxa
Bueu:	Ramplas de descarga da lonxa	
Aldán-Hío	Porto	
Cangas:	Ramplas descarga lonxa	
Moaña:	Porto pesqueiro de Vigo	Porto de Meira-Moaña
Vigo:	Porto pesqueiro de Vigo e Porto de Canido	
Baiona:	Pantalán fronte lonxa e escaleira pedra esquerda lonxa e peirao pesqueiro de Panxón	
A Guarda:	Rampla de varado do porto de A Guarda e o peirao alto	

² Realizarase un seguimento e trazabilidade da actividade de descarga e desprazamento.
DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA
Praza de Europa 5A - 4º - 15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 63 47 – dxpait.mar@xunta.gal

